

A ESCOLA DA VIDA

Educación política, educación dos políticos

27.02.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Cando falamos de educación política estámonos a referir a unha idea que expresa e engloba tanto o coñecemento social como o ensino dos valores democráticos, a aprendizaxe para a participación social ou todo aquilo que fai que, cando nos comunicamos cos demais, estamos a expoñerlles as nosas opinións ou reflexións sobre o que queremos do conxunto da sociedade, pois, como dixo Aristóteles, o home é un animal político, e, polo tanto, transformador da súa sociedade. Quen máis debe saber de educación política son os políticos, pois están inmersos con cada frase e con cada xesto no espectro do que debe ser, por un lado, a sociedade e, por outro, os instrumentos nos que van apoiarse para converter as súa opinións en elementos transformadores. Porén, estas persoas parece que unha vez que pisan o estrado político se senten mutados, deixando de ser persoas para converterse en personaxes, en modelos que exercen de representación para os demais. Deixan de ter ideas que comparten e debaten cos demais, para ser a resposta aos problemas. Por iso chegan a dicir cousas como "non poden vivir sen min" ou sacan a figa para sinalar con arrogancia quen ten a voz de mando.

O malo para o pobo que non se ve representado por estes personaxes é que enriba se lles paga por selo. E de verdade creo que, a estas alturas da democracia, o pobo debería exercer a súa condición de máxima autoridade, e despozar do seu sobresoldo a aqueles que non o respectan nin coas súas palabras nin cos seus actos. Porque, se unha empresa pode despedir un traballador ou suspendelo do seu soldo cando comete algún acto en contra dela, o pobo non o pode facer contra quen o menospreza ou lle usurpa o seu diñeiro? E digo máis, algo lle debe faltar a esta democracia constitucional para que uns poucos en compadreo menosprecien outros moitos a quen din servir.

En épocas de crise, é dicir, de transformación, debémoslles dar algunhas voltas de rosca tamén ás nosas institucións representativas porque, se hai crise social, é porque as institucións que nos representan fallaron. E se seguen a medrar estes personaxes, o proceso non debe demorarse máis: rectificar é de sabios e o pobo é soberano.